

ELECCIÓNs GALEGAS

A solidariedade é a resposta

Foto: Pablo Tosco, Oxfam intermon

Propostas das ONGD para a política de cooperación ao desenvolvemento

As vindeiras eleccións son unha oportunidade inmejorable para que os partidos políticos poidan dialogar coa sociedade civil e definir conxuntamente o modelo de sociedade galega do futuro. Unha das cuestións que debemos decidir de forma participada é o papel de Galicia no mundo e que lugar debe ocupar, polo tanto, a política galega de cooperación ao desenvolvemento, a Cooperación Galega. As consecuencias da pandemia provocada polo coronavirus serán especialmente graves para as persoas en situación de maior vulnerabilidade. Nos países empobrecidos o impacto pode ser catastrófico. Máis que nunca é necesario un firme compromiso da Xunta de Galicia coa Cooperación Galega.

As 47 ONGD que conformamos a Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento temos a firme vontade de colaborar co vindeiro goberno da Xunta de Galicia, e co resto de actores políticos e sociais, na construción dunha política de cooperación ao desenvolvemento que non deixe a ninguén atrás.



1.600 persoas
voluntarias



21.400 persoas
socias en Galicia



105 persoas
traballadoras



47 ONGD
con 50 sedes en
toda Galicia

**Quen
somos?**



**As mulleres somos
maioría:**

60 % das socias,
68 % das voluntarias e
72 % das traballadoras



68 proxectos
en 23 países de América
Latina, África e Asia



108.500 persoas
melloraron as súas condicións de
vida accedendo aos seus dereitos
(saúde, educación, habitabilidade
básica, participación...)



6,1 millóns
de euros executados

**O traballo
das ONGD
galegas no
mundo o
último ano**

A solidariedade é a reposta

12 propostas das ONGD para o futuro da Cooperación Galega



“Se algunha vez necesitamos recordar que vivimos nun mundo interconectado, o novo coronavirus fíxoo. Ningún país pode aboralo só, e ningunha parte das nosas sociedades pode ser esquecida se queremos afrontar efectivamente este desafío global”.

Michelle Bachelet, Alta Comisionada de Nacións Unidas para os Dereitos Humanos

As ONGD galegas **demandamos** para as comunidades coas que traballamos no Sur Global o mesmo que o goberno español solicita ao resto da Unión Europea: **unha solución global, altura de miras e non deixar a ninguén atrás**. Non só por solidariedade e xustiza social, senón tamén por intelixencia colectiva.

Para unha Cooperación Galega de consenso e transformadora precisamos:

- 1.** Reforzar o compromiso da Xunta coa **Axuda Oficial ao Desenvolvemento** (AOD) ata chegar ao 0,2% do orzamento consolidado en materia de cooperación ao desenvolvemento, sempre co horizonte do 0,7%, e tamén recuperar a Dirección Xeral de Cooperación Exterior.
Manter e mellorar o pequeno esforzo orzamentario que supón a Cooperación Galega (e que actualmente é dun 0,06% do orzamento consolidado da Xunta de Galicia) supón unha diferenza vital para milleiros de persoas nos países empobrecidos do mundo ás que agora non se pode virar as costas.
Neste sentido as 17 CCAA, incluída a Xunta de Galicia, veñen de asinar unha declaración conxunta baixo o título **“Da crise sáese cooperando”**, no que as comunidades autónomas e entes locais apostan por consolidar alianzas e consensos que permitan á cooperación internacional continuar investindo e contribuíndo a garantir un presente e un futuro sen deixar ninguén atrás.
- 2.** Garantir que os **instrumentos** que canalizan as axudas da Cooperación Galega sexan transparentes, en concorrencia competitiva, previsibles, se publiquen anualmente e teñan os máximos índices de execución. Tamén, que se simplifiquen as condicións de execución e tramitación para facelos máis eficientes.
- 3.** Fomentar que as accións de **Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global**, que promoven a construción dunha cidadanía comprometida, críti-

ca, solidaria e que rexeita os discursos de odio, teñan unha orientación estratéxica e unha dotación orzamentaria de alomenos o 15% da AOD da Xunta de Galicia.

4. Seguir mellorando os instrumentos da **Acción Humanitaria** e garantir que como mínimo o 10% da AOD da Xunta de Galicia se destina a actuacións neste eido.

5. Promover a **participación da sociedade civil**: mellorar a funcionalidade do Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento; crear un órgano específico de participación e rendición de contas ligado á aplicación da Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible; e, poñer en marcha unha Mesa de Dereitos Humanos no Parlamento de Galicia.

6. Fomentar a **participación dos municipios e deputacións** galegas na política pública de cooperación ao desenvolvemento e promover o fortalecemento das súas capacidades neste eido. Agora máis que nunca precisamos do compromiso de todos os niveis da administración para protexer ás persoas máis vulnerables.

7. Impulsar unha **nova lei** que substitúa á Lei 3/2003 de Cooperación ao Desenvolvemento. O marco normativo galego debe actualizarse á nova axenda internacional de desenvolvemento e adaptarse ás especificidades coas que se traballa no ámbito de cooperación: execución de proxectos fóra de Galicia por organizacións non lucrativas, en períodos plurianuais de gasto e en entornas de traballo que esixen flexibilidade e orientación aos resultados.

8. Coherencia de Políticas. Os gobernos, calquera que sexa o seu ámbito de actuación, son responsables dos efectos que as súas políticas teñen sobre a cidadanía que representan así coma sobre outros territorios e a propia sostibilidade do planeta. A interdependencia é unha característica clave no mundo global no que cohabitamos. É preciso, tal e como demanda a Axenda 2030, que a Xunta de Galicia impulse mecanismos específicos que garantan que o conxunto das súas políticas sexan coherentes cun desenvolvemento humano sostible.

9. Traballar dende un **enfoque feminista** a través do impulso de marcos legais que garantan os dereitos das mulleres, do desenvolvemento de plans e estratexias contra todas as formas de violencia, dando apoio ás organizacións de mulleres que traballan na construción de liderados feministas, recoñecendo “os coidados” e, establecendo indicadores que nos permitan avaliar o traballo en prol do empoderamento.

10. Traballar na **defensa dos dereitos humanos** e defender a quen defende. Ademais da incorporación do enfoque baseado en dereitos humanos na Cooperación Galega é necesario poñer en marcha un programa propio de apoio ás persoas defen-

soras de dereitos humanos semellante ao que xa existe noutros territorios do Estado, particularmente agora cando por mor da crise da COVID-19 a súa situación é de máis vulnerabilidade.

11. ● Abordar a **crise ecolóxica global** asumindo a Declaración de Emerxencia Climática e o desenvolvemento dunha estratexia ambiciosa para facerlle fronte. Apostar pola educación ambiental como ferramenta para a transformación social e avanzar no recoñecemento da chamada “xustiza ambiental” para protexer ás persoas que se están vendo, e se verán máis afectadas, polo deterioro ambiental.

12. Camiñar xuntas para construír o **futuro da Cooperación Galega**. As ONGD tendemos a man ao próximo goberno da Xunta de Galicia para colaborar, xunto ao resto de actores políticos e sociais, na construción dunha política galega de cooperación que non deixe a ninguén atrás. A política de cooperación ao desenvolvemento é agora máis necesaria que nunca.

Nota: na páxina **9** pode verse o detalle das medidas propostas

Os retos que afrontamos: un mundo en emerxencia



A pandemia non freou os grandes retos globais, todo o contrario. Os conflitos, os desprazamentos forzados, a pobreza extrema e a fame, a desigualdade ou a persecución a activistas defensores de dereitos humanos permanecen e en moitos casos veranse agravados polo efecto do coronavirus. A pandemia contribuirá a aumentar a vulnerabilidade á que xa estaban expostas moitas persoas nos países máis empobrecidos.

Por iso, **precisamente agora non podemos permitirnos dar pasos atrás.** A cooperación ao desenvolvemento é unha política imprescindible nestes momentos. Precisamos dun firme compromiso das forzas políticas e as administracións galegas neste sentido, a **Cooperación Galega non pode virar ás costas ás persoas máis vulnerables.**

Como afrontan os países empobrecidos os efectos da pandemia?

❏ **Sociedades marcadas pola pobreza e a desigualdade.**

No mundo aínda existen 1.300 millóns de persoas que viven en situación de pobreza. En sociedades marcadas pola pobreza e pola privación de acceso a dereitos fundamentais o distanciamento social e a promoción da hixiene son medidas privilexiadas. Millóns de persoas residen en núcleos urbanos superpoboados, sen acceso a auga corrente e saneamento. Ata 3.000 millóns de persoas no mundo non teñen acceso a servizo para lavar ás mans. Ademais a maioría da poboación en países empobrecidos vive con rendas medias inferiores aos 5 dólares diarios, sobreviven da economía informal, do que ingresan cada día. Polo tanto, non poden permitirse quedar na casa para protexerse. Mentres, os seus estados non son capaces de ofrecer a protección social necesaria. O 55% da poboación do mundo non ten acceso a ningunha prestación social.

❏ **Sistemas de saúde fráxiles.** No mundo ata 4.000 millóns de persoas non poden acceder a servizos básicos de saúde. Os países empobrecidos contan con sistemas públicos de saúde fráxiles sen recursos materiais e humanos suficientes. Algúns datos dos países socios da Cooperación Galega son mostra disto: Perú ten 1,6 camas por 1000 habitantes; Haití ou Honduras 0,7; Guatemala 0,3; fronte as 3 que temos no Estado español. O número total de camas nas unidades de coidados intensivos reportados en 43 países de África é inferior a 5.000, isto é aproximadamente 5 camas por millón de habitantes. Ecuador ten 2 médicos por cada 1.000 habitantes,

Guinea Bissau 0,2, e Nicaragua 1 fronte aos 3,9 do Estado Español. Centroamérica reportaba ao comezo da crise sanitaria 1.500 respiradores: 2,5 por cada 100.000 habitantes. A OMS advertiu de que 41 países africanos teñen menos de 2.000 respiradores funcionando nos sistemas de saúde públicos.

➤ **Prevalencia doutras enfermidades.** Trátase de países que xa loitan día a día contra outras enfermidades endémicas que acentúan a vulnerabilidade da súa poboación. A malaria, a sida e a tuberculose matan cada ano 3 millóns de persoas, principalmente en África Subsahariana e Asia, no caso da malaria afectando especialmente a nenos e nenas menores de 5 anos. O cólera mata cada ano 200.000 persoas, a meninxite acaba anualmente coa vida de 300.000. Ademais, por mor da Covid-19 moitos programas de loita contra outras enfermidades e prevención sanitaria poden verse interrompidos: programas de vacinación, de atención a saúde sexual e reprodutiva, programas para previr a VIH ou a malaria, etc. Neste sentido as estimacións prevén un aumento notable da incidencia da malaria, que podería duplicarse este ano e provocar ata 700.000 mortes.

➤ **Risco de desamparo das poboacións máis vulnerables.** Hai persoas que sofren dobres e triplas vulnerabilidades e que dependen literalmente da axuda internacional para sobrevivir e máis nestes momentos: persoas en risco de desnutrición, por exemplo na zona do Sahel nesta época do ano; persoas que viven en zonas de conflito, Yemen, Sudán do Sur, Afganistán, Siria, RDC; persoas migrantes en situación irregular sen acceso a dereitos básicos; persoas sen fogar; persoas que viven en zonas superpoboadas ou illadas e con difícil acceso á atención sanitaria, persoas ameazadas ou en contextos de violencia; persoas que viven en campamentos de persoas refuxiadas, etc.

➤ **Outros problemas estruturais que permanecen.**

Estamos ante un escenario no que o peor impacto recaerá unha vez máis nos países do Sur Global. O impacto socioeconómico da crise pode ser gravísimo, prevese que a situación económica destes países empeore aínda máis coa caída dos prezos da materias primas; o petróleo; a caída do turismo; o peso da débeda externa ou a diminución de remesas que envían as persoas migrantes residentes noutros países. A ONU estima que, sen o apoio da comunidade internacional, podería duplicarse o número de persoas que pasan **fame** no mundo. O último informe de Oxfam Intermon xa alerta de que ata 500 millóns de persoas máis poderían pasar a vivir en situación de **pobreza**.

Mentres os datos de **desigualdade** son alarmantes, as 26 persoas máis ricas acumulan máis cartos que as 3.800 millóns de persoas máis pobres do mundo. O orzamento dedicado a saúde de Etiopía equivale ao 1 % da riqueza de Jeff Bezos, o dono de Amazon, e os cartos ocultos en paraísos fiscais superan o PIB do Reino Unido e Alemaña xuntas.

Tamén a **crise ecolóxica** seguirá impactando nas persoas máis vulnerables. Os maiores riscos aos que se enfronta o mundo a curto prazo teñen que ver precisamente co

cambio climático, segundo o Intergovernmental Panel on Climate Change (IPCC) só temos entre 10 e 12 anos para frear as peores consecuencias do cambio climático. Máis de 70 millóns de persoas víronse obrigadas a abandonar os seus fogares. O cambio climático xa causa máis **desprazamentos forzados** que os conflitos armados e os factores económicos.

Ao tempo os **discursos de odio** (xenófobos, machistas, homófobos, racistas...) son unha ameaza mundial contra os dereitos humanos, a diversidade e a convivencia. Segundo Front Line Defenders, en 2019 foron asasinadas 304 defensoras de dereitos, un 40 % das cales eran activistas ambientais e de defensa do territorio e as comunidades indíxenas.



A solidariedade é a resposta: 12 propostas das ONGD para o futuro da Cooperación Galega



Detalle das medidas propostas

A política de cooperación ao desenvolvemento é unha política froito do diálogo, a cristalización da vontade solidaria da sociedade galega. As ONGD galegas, como entidades da sociedade civil, estamos convencidas de que esta política social é parte esencial da resposta para facer fronte aos grandes retos globais. Agora máis que nunca a solidariedade é resposta. Non aceptaremos de novo discursos elaborados sobre falsas dicotomías que enfronten as persoas vulnerables de aquí e as doutros países. Vivimos nun mundo interconectado. **Esta é outras crises mundiais** so se poden atallar cunha visión e articulación global. Seremos capaces de frear os grandes retos globais se somos quen de paralos tamén no resto do mundo, especialmente nos máis vulnerables, incluídos os países prioritarios da Cooperación Galega en América Latina e África

E por iso que as ONGD galegas **demandamos:**

1 ● A recuperación da Axuda Oficial ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia e da Dirección Xeral de Cooperación Exterior

Manter e mellorar o pequeno esforzo orzamentario que supón a Cooperación Galega (que actualmente é dun 0,05% do orzamento consolidado da Xunta de Galicia) supón unha diferenza vital para milleiros de persoas nos países empobrecidos do mundo ás que agora non se pode virar as costas.

A moderada recuperación orzamentaria vivida non é suficiente: en 2016, ano no que tiveron lugar as últimas eleccións galegas, o programa 331A de cooperación ao desenvolvemento tivo unha dotación orzamentaria de 4,2 millóns de euros e, en 2020, de 6,6 millóns. Hoxe aínda estamos moi lonxe dos 11,6 millóns de euros que a Xunta de Galicia puxo ao servizo da solidariedade internacional en 2009 e nas antípodas do histórico compromiso do 0,7 %: actualmente apenas se dedica o 0,06 % do orzamento da Xunta de Galicia a Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD). Ademais, Galicia está cada vez máis distanciada da media das Comunidades Autónomas, segundo os últimos datos oficiais de 2017. Ese ano, os gobernos autonómicos xa adicaban unha media de 10,9 millóns de euros e facían un esforzo porcentual medio do 0,1 %, un esforzo que, segundo datos internos, ten seguido a tendencia ascendente.

As ONGD demandamos que se acorde un calendario de desembolsos público e planificado que garanta un crecemento progresivo da AOD da Xunta de Galicia que acade o 0,2 % do orzamento total consolidado ao final da lexislatura. Este crecemento terá sempre como horizonte o compromiso adoptado no seo da Asemblea de Nacións Unidas de chegar ao 0,7 %.

Neste senso, débense seguir as recomendacións internacionais relacionadas co volume de recursos que deben destinarse aos Países Menos Adiantados (PMA). A cooperación, especialmente con estes países, debe canalizar fondos suficientes para garantir dereitos sociais básicos como, por exemplo, o acceso a unha saúde reprodutiva ou a unha educación básica de calidade.

O crecemento da AOD galega, ademais, debe levar aparelado a recuperación da Dirección Xeral de Cooperación ao Desenvolvemento. Actualmente, o departamento responsable da política de cooperación ao desenvolvemento é unha Subdirección mentres, no período 2005 - 2009, a competencia estaba en mans da Dirección Xeral de Cooperación ao Desenvolvemento. Recuperar o seu rango e situar esta política social nunha Dirección Xeral de Cooperación Exterior suporía reafirmar a aposta pola Cooperación Galega precisamente agora, cando é máis necesaria que nunca.

2. Recursos transparentes, responsables, previsibles e eficientes

Os instrumentos de axuda definidos no IV Plan Director de Cooperación Galega 2018 - 2021 son unha base sólida para canalizar o esforzo solidario cara aos países empobrecidos cos que traballamos dende Galicia. Estes instrumentos deben ser:

- >> Transparentes: **apostar polas convocatorias públicas** en concorrencia competitiva como principal forma de canalización das axudas (mínimo, o 75%)
- >> Responsables e previsibles: **publicación anual** das axudas con compromisos plurianuais de gasto e os **máximos índices de execución orzamentaria**. A medio prazo, deberá apostarse polos **programas de cooperación exterior e de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global** (instrumentos pensados para proxectos de longo percorrido).
- >> Eficientes: **simplificación das condicións para a tramitación e execución** dos proxectos financiados. Precisamos máis que nunca de instrumentos áxiles. Os requisitos actuais están sobredimensionados en relación ao monto das axudas que se conceden e ás propias dimensións das ONGD galegas, provocando unha burocratización excesiva do proceso que lastra a eficiencia do traballo das entidades e da unidade xestora. Transitar cara a simplificación de procesos, garantindo que se manteñen os rigorosos grados de rendición de contas e transparencia que sempre caracterizaron a esta política é posible e, ademais, moi necesario para mellorar o noso impacto e resultados.

3. Educar para a Cidadanía Global

A Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global (EpCG) é un proceso socio-educativo encamiñado a xerar conciencia crítica. Isto implica facer a cada persoa responsable e activa co fin de construír unha sociedade civil comprometida coa solidariedade, entendida esta como corresponsabilidade, e coa construción dun mundo onde a equidade e a igualdade de oportunidades estean aseguradas, onde prevaleza a cultura da paz e as relacións estean baseadas na ética dos coidados e no principio de non discriminación, solidariedade e cooperación. A EpCG ten por obxectivo, pois, crear unha cidadanía que participe activamente na transformación da sociedade dende o ámbito persoal, comunitario e político.

A educación para a Cidadanía Global é máis necesaria que nunca para combater os discursos de odio cada vez máis presentes nas nosas sociedades.

Demandamos:

- >> Garantir un compromiso orzamentario para a EpCG dun mínimo do **15 % do total da Axuda Oficial ao Desenvolvemento** da Xunta de Galicia.
- >> Posta en marcha dunha liña de **convocatorias de programas de EpCG**. A apertura dunha convocatoria plurianual a 4 anos permitirá mellorar a planificación e seguimento das intervencións e garantir un maior éxito dos procesos educativos levados a cabo polas ONGD.
- >> **Incorporar** progresivamente **nos currículos das distintas etapas educativas e formacións oficiais a EpCG**, a educación en dereitos e a educación para a paz como materias específicas e transversais.
- >> **Garantir o dereito de acceso** das ONGD e a Coordinadora Galega de ONGD **nos medios de comunicación públicos galegos**, tanto como fontes de información e opinión como coa cesión de espazos específicos.
- >> **Incluír ás entidades da sociedade** civil de cooperación ao desenvolvemento, de defensa dos dereitos humanos, feministas, ecoloxistas, etc. **nos consellos sociais da universidades públicas galegas** para favorecer a transversalización da EpCG.

4. Impulsar unha acción humanitaria á altura dos retos actuais

Débese seguir traballando na mellora de capacidades e instrumentos no eido da acción humanitaria, máis aínda nun contexto que será de enormes dificultades. As consecuencias da pandemia derivarán na necesidade de máis Axuda Humanitaria. Hai millóns de persoas do mundo que dependen dela para sobrevivir.

Precisamos contar con **instrumentos de axuda áxiles, transparentes, eficaces e coordinados** adaptados aos acordos internacionais e que traballen ao tempo na prevención, mitigación e reparación e/ou reconstrución. Ademais, débense crear **mecanismos de resposta rápida** que permitan a dotación de fondos adicionais por parte da Xunta de Galicia e as administracións locais cando sexa necesario. Ao tempo, é necesario comprometer que alomenos o **10% Axuda Oficial ao Desenvolvemento** da Xunta de Galicia se destine a actuacións neste eido.

5. Promover a participación da sociedade civil

É preciso fortalecer a participación da sociedade civil. Fomentar que a cidadanía coñeza os seus dereitos e o funcionamento das súas institucións é imprescindible para que poidan demandar e esixir o seu cumprimento. Esta participación non pode limitarse a un espazo de consulta: debe ir máis alá e promoverse a participación na toma de decisións. Para iso, é preciso contar con institucións transparentes, abertas e participadas.

Demandamos:

- >> Que o **Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento** avance para ser un **espazo de participación e construción colectiva** e non unicamente de validación de propostas. Débese ampliar a representatividade da sociedade civil que deberá ser de 2/3 sobre o total, incorporar a representantes dos partidos con

representación parlamentaria para promover a construción de consensos e promover o funcionamento de grupos de traballo específicos para impulsar unha participación máis horizontal e eficaz.

- >> Que se poña en marcha un mecanismo específico de **participación e de rendición de contas** vinculado á aplicación **da Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** en Galicia, aberto á sociedade civil.
- >> Que se poña en marcha unha **Mesa de Dereitos Humanos no Parlamento de Galicia** que sirva como espazo de intercambio e diálogo entre sociedade civil e representantes públicos.

6. Recoñecer e fomentar o papel dos concellos e as deputacións na política de cooperación ao desenvolvemento

As ONGD queremos reiterar o noso rexeitamento á Lei 27/2013 de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que limita a actuación das administracións locais. No caso da cooperación ao desenvolvemento, esta limitación obrigaba aos entes locais a solicitar informes previos e vinculantes á Xunta de Galicia antes de realizar accións de cooperación.

Neste eido, demandamos á Xunta de Galicia que manteña unha política activa de colaboración coas entidades locais que favoreza o desenvolvemento de políticas de cooperación a nivel local. Isto debe traducirse en medidas concretas para o **impulso da participación dos municipios e deputacións galegas na política pública de cooperación** e na promoción do **fortalecemento das súas capacidades** neste senso. Precisamos do compromiso de todas as administracións galegas, as grandes cidades e as deputacións teñen a obriga moral e ética de desenvolver políticas de cooperación ao desenvolvemento propias, que agora son máis necesarias aínda.

7. Impulsar unha nova lei de cooperación ao desenvolvemento

O marco normativo galego debe actualizarse á nova axenda internacional de desenvolvemento e adaptarse ás especificidades coas que se traballa no ámbito de cooperación: execución de proxectos fóra de Galicia por organizacións non lucrativas, en períodos plurianuais de gasto e en entornas de traballo que esixen flexibilidade e orientación aos resultados. Neste sentido compre impulsar unha **nova lei de cooperación ao desenvolvemento** que substitúa á Lei 3/2003 de Cooperación ao Desenvolvemento.

A Xunta de Galicia ten iniciado o proceso de adaptación e actualización co **Anteproxecto de Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento**, pendente de aprobación parlamentaria. As ONGD galegas consideramos que o Anteproxecto incorpora **medidas positivas** para a modernización normativa e a flexibilización, pero que **poderían ser máis ambiciosas**. Tamén, que o texto precisa afondar máis no eido da incorporación dos principios da **coherencia de políticas**, especialmente ao tratarse da primeira lei autonómica de todo o Estado que engloba na mesma norma á cooperación internacional e á acción exterior.

Ademais, a nova lei sería **unha oportunidade para redefinir o papel das empresas privadas na Cooperación Galega**. Dende a Coordinadora Galega de ONGD cremos que no eido da definición estratéxica de programas e proxectos de cooperación internacional

as entidades do sector privado lucrativo non poden ser protagonistas. Isto é, **non deberan ser considerados actores de cooperación ao desenvolvemento** e polo tanto non deberían ser beneficiarias de axudas públicas dirixidas a impulsar proxectos de cooperación ao desenvolvemento. A súa actuación debe focalizarse en actuar como complemento e apoio, dende a súa especialidade na provisión de bens e servizos. Porén, a actual Lei 3/2003 de Cooperación ao Desenvolvemento de Galicia, ao considerar ás empresas privadas actores de cooperación ao desenvolvemento, si permite a canalización de axudas públicas de cooperación ás entidades con ánimo de lucro, ao contrario doutras políticas de cooperación autonómica como, por exemplo, a vasca, a andaluza e a valenciana.

8. Promover a Coherencia de Políticas para o Desenvolvemento

A política de cooperación é insuficiente, por si mesma, para promover a transición cara a un mundo máis xusto e sostible. O resto da acción do goberno debe poñerse tamén ao servizo desta transformación. **A Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible demanda coherencia** a todos os actores e a todos os niveis porque o mundo é transnacional: os límites entre nacional e internacional, local e global son cada vez máis difusos. Neste contexto, os gobernos, independentemente do seu ámbito de actuación, son responsables dos efectos que as súas políticas teñen sobre a cidadanía que representan, pero tamén sobre outros territorios e sobre a sostibilidade do planeta.

É preciso que o próximo goberno da **Xunta de Galicia impulse mecanismos específicos** que garantan que o conxunto das súas **políticas sexan coherentes cun modelo desenvolvemento humano sostible**. Dende a promoción do desenvolvemento rural, o transporte, as infraestruturas e a ordenación do territorio; ata a compra pública ética, a aposta polo Comercio Xusto e a Economía Social e Alternativa; ou a educación de calidade, a promoción dunha fiscalidade xusta, a redución da pegada ecolóxica, etc. Neste senso, unha iniciativa pendente é a **creación de mecanismos para asegurar a debida dilixencia das empresas galegas cos dereitos e o medio** en liña cos Principios Reitores de Nacións Unidas sobre Empresas e Dereitos Humanos.

9. Traballar dende un enfoque feminista

Compre recordar as profundas inxustizas que combatemos as mulleres ao redor do mundo e que, como estamos comprobando, se verán agravadas a consecuencia da pandemia:

- >> **Pobreza.** Segundo Nacións Unidas, as mulleres realizamos o 66 % do traballo no mundo, producimos a metade dos alimentos, pero só recibimos o 10 % dos ingresos e posuímos o 1 % das propiedades.
- >> **Violencias.** Estímase que 66.000 mulleres somos asasinadas anualmente no mundo polo simple feito de selo; Unicef calcula que 200 millóns de mulleres e nenas sofren mutilación xenital feminina; e que 120 millóns de nenas de todo o mundo (algo máis dunha de cada 10) sufriron violencia sexual nalgún momento das súas vidas.
- >> **Acceso aos dereitos.** Segundo a OMS 225 millóns de mulleres de todo o mundo carecemos de acceso a unha saúde sexual e reprodutiva de calidade así coma

medidas de planificación familiar. Só un 24 % das persoas membro dos parlamentos estatais son mulleres e, en 2019, só había 11 mulleres xefas de Estado e 11 mulleres xefas de goberno. A UNESCO advirte que de non tomarse medidas, 12 millóns de menores, dos cales 9 son nenas, nunca accederán a educación primaria.

Todas as políticas impulsadas pola Xunta de Galicia deberán desenvolverse baixo un enfoque de xénero. Demandamos:

- >> O impulso de marcos legais que garantan que as mulleres acceden á educación de calidade, a un traballo en condicións xustas, e a unha atención sanitaria de calidade con especial incidencia na saúde sexual e reprodutiva.
- >> Que se desenvolvan e se avalíen plans específicos de educación e protección destinados a eliminar todas as formas de violencia e discriminación contra as mulleres e as nenas nos ámbitos públicos e privados, incluídas a trata e a explotación sexual, e a posta en marcha de accións positivas que recoñezan e valoren os coidados e o traballo doméstico non remunerado.
- >> Que as estratexias públicas de cooperación contén con indicadores que avalíen cuantitativamente o empoderamento das mulleres e que se apoie ás organizacións de mulleres que traballan na construción de liderados feministas.

10. Traballar polos dereitos humanos, defender a quen defende

O obxectivo último de calquera proceso de desenvolvemento é a plena realización dos dereitos humanos. As ONGD demandamos que se fortalezan e impulsen as iniciativas de defensa de dereitos humanos e que se apoie a quen as defende e a quen as promove, aquí e nos países empobrecidos cos que colaboramos.

Neste senso, ademais da **incorporación do Enfoque Baseado en Dereitos Humanos** tanto no deseño como na execución da Cooperación Galega, é necesario **poñer en marcha un programa propio e específico de apoio ás persoas defensoras de dereitos** semellante ao que xa existen noutros territorios como Euskadi, Madrid, Catalunya, País Valencià ou Asturias. Existe un claro risco de derivas autoritarias e peche democrático en determinados contextos, que fai máis necesario se cabe a protección á persoas defensoras de dereitos humanos. Estes programas permiten a reubicación temporal das persoas defensoras de dereitos en situación de risco. Serven, ademais, como plataformas para a sensibilización e denuncia no país de acollida e para o fortalecemento institucional e político das organizacións defensoras de dereitos humanos. Promoven tamén que as sociedades asuman a responsabilidade de acompañar e dar seguimento e apoio ás persoas defensoras cando retornan aos seus países de orixe.

11. Abordar a crise ecolóxica global

Os recentes informes das Nacións Unidas sobre Cambio Climático alertan dun rumbo que leva ao deterioro dun gran número de ecosistemas, perda de biodiversidade e unha crise climática sen precedentes. Unha crise climática que transcende fronteiras e que é consecuencia dun modelo de produción e consumo depredador dos recursos naturais e inxusto a nivel económico, ecolóxico e social. Por iso, a Xunta de Galicia

debe facer fronte a este desafío global mediante a adopción das seguintes medidas:

- >> **Asumir a Declaración de Emerxencia Climática** e elaborar un plan de actuación ambicioso e con obxectivos cuantificables e revisables a nivel autonómico que inclúa a política da Cooperación Galega.
- >> Facer da **Educación Ambiental** unha ferramenta real de transformación social cara á participación cidadá nas políticas ambientais. Neste senso, cómpre aprobar e aplicar unha nova Estratexia Galega de Educación Ambiental (EA), incluír a EA como unha das ferramentas a empregar en todos os planos e programas ambientais da administración, ou que teñan incidencia no ambiente, entre os cales a política de cooperación.
- >> **Avanzar no recoñecemento da “Xustiza Ambiental”**. O deterioro ambiental das condicións de vida impactan de forma desigual en función da clase social, sexo, procedencia e capacidades. Os países empobrecidos son os menos responsables da degradación planetaria. Con todo, son á súa vez os máis vulnerables ás súas consecuencias. Por iso, atendendo aos criterios de xustiza ambiental, a política da Cooperación Galega deberá promover medidas que revertan esta situación, estudando a implantación dalgunhas medidas de apoio ás comunidades do Sur Global como poden ser:
 - Medidas ou programas de identificación, recoñecemento e protección ás persoas desprazadas por motivos medioambientais e/ou climáticos.
 - Fomento da investigación e implementación de proxectos de adaptación ás consecuencias do cambio climático (agricultura resiliente aos efectos da seca, transición a un modelo enerxético limpo e renovable, etc...).

12. Camiñar xuntas para construír o futuro da Cooperación Galega

En 2020 darase inicio a unha nova lexislatura e, 2021 será o último ano de vixencia do IV Plan Director de Cooperación Galega. Ao mesmo tempo, a nivel estatal estará en marcha un proceso de revisión e reflexión sobre as reformas que deberían aplicarse á arquitectura da cooperación ao desenvolvemento. Todo isto acontece no marco dunha “nova normalidade” a nivel global, na que a pandemia amosounos que vivimos nun mundo interconectado, e que os grandes retos globais aos que nos enfrontamos e nos enfrontaremos so se combaten eficazmente mediante a cooperación, a colaboración internacional e non deixando a ninguén atrás

Neste sentido as ONGD galegas reiteramos a nosa a firme vontade de colaborar xunto ao vindeiro goberno da Xunta de Galicia, e ao resto de actores políticos e sociais, na construción dunha Cooperación Galega que será máis necesaria que nunca.



ELECCIÓNs GALEGAS

A solidariedade é a resposta



**COORDINADORA
GALEGA DE ONG**
para o Desenvolvemento